

COMUNICADO CONXUNTO



REUNIÓN DO COMITÉ DE EMPRESA E DA XUNTA DE PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS E POSTERIOR REUNIÓN DA COMISIÓN MIXTA COA XERENCIA.

O día 05/12/2012, antes da reunión convocada polo xerente, realizouse unha reunión conxunta da Xunta de PAS e do Comité de Empresa para analizar a Resolución da Xerencia pola que se reordena o réxime de xornada, horarios de traballo, vacacións e permisos do Persoal de Administración e Servizos.

Na reunión, e por unanimidade, tómanse os seguintes acordos:

- Asistir á reunión convocada polo xerente en Comisión Mixta, formada por un representante de cada unha das forzas representadas no Comité de Empresa e Xunta de Persoal respectivamente (APA, CCOO, CIG, CSIF, CUT, UGT, USO).
- Establecer como criterio previo para sentarse a negociar a retirada do punto 5 da proposta de resolución: Verificación do cumprimento de horarios. Ben dun xeito definitivo ou até que non se presente unha proposta de resolución que afecte en idénticas condicións ao Persoal de Administración e Servizos e ao Persoal Docente e Investigador.
- De se cumprir esa condición acórdanse as seguintes liñas vermellas na negociación, e polo tanto esixir a retirada da proposta de resolución:
 - Da "Bolsa" de horas ordinarias, contemplada no punto 2 parágrafo 2.
 - Do Peche, con carácter xeral, de centros, servizos e instalacións durante as dúas primeiras semanas do mes de agosto contemplado na norma SEGUNDA relativa a vacacións. Por:
 - Diminución radical do número de días de libre utilización.
 - Prexuízo que o peche orixinaría no Servizo de Xestión Académica, tanto nos centros como na propia Reitoría.
 - Pola contra reclamamos:
 - O peche patronal durante a primeira semana de xaneiro e a semana santa. Períodos de baixa actividade nos que si se produciría un verdadeiro aforro enerxético
- Propostas susceptibles de negociación:
 - Proponemos como xornada habitual en quenda de mañá de 7:45 h a 15:15 h, cun tempo de "cortesía" de 15 minutos á entrada e 15 minutos á saída. A quenda de tarde proponse de 14:30 h a 22:00 h. cun tempo de cortesía de 30 minutos ao comezo ou de 15 minutos á entrada e 15 minutos á saída. Quenda partida: de 8:30 h. a 14 h. e de 15 a 17 h. cun tempo de cortesía de 15 minutos á entrada e 15 minutos á saída.
 - Proponemos que os días de vacacións poidan ser gozados de un en un.
 - Acéptase negociar a posible ampliación do horario de atención ao público.

COMUNICADO CONXUNTO



- Continuar coa mesma normativa establecida na resolución de xornada existente no que respecta a:
 - Conciliación da vida laboral e familiar
 - Días 24 e 31 de decembro e día do patrón de centro, outorgando un día adicional ao persoal destinado nun centro que non ten patrón.

REUNIÓN DA COMISIÓN MIXTA – XERENCIA

A Xerencia retira da proposta de resolución o punto 5 referente ao control horario até que non se elabore unha resolución que afecte ao PDI que, no seu momento, será transmitida aos órganos de representación dos traballadores para a súa negociación.

En consecuencia, diante da imposibilidade de control de presenza, retira tamén o parágrafo 2 do punto 3 da proposta de resolución: Xornadas especiais e horario flexible.

- A Xerencia recolle para estudar e presentar unha segunda proposta de resolución as condicións transmitidas:
 - Bolsa de horas.
 - Peche de centros servizos e instalacións durante as dúas primeiras semanas de agosto.
 - Peche patronal da primeira semana de xaneiro e semana santa.
 - Horario laboral.
- A Xerencia aclara:
 - A proposta xa contempla a posibilidade de goce dos días de vacacións de xeito individual.
 - Que como unha das circunstancias que se establece na DISPOSICIÓN FINAL primeira é que a resolución en vigor actualmente deixa de ter vixencia exclusivamente no que se opón ao que se presenta como proposta continuarán en vixencia, entre outras cousas, o que se contempla na anterior tanto no que se refire á conciliación da vida familiar e laboral e os días 24, 31 e os patróns de centros xunto co día adicional que se lle outorga ao persoal destinado en centros ou servizos sen patrón.
 - De existir normativa autonómica e/ou estatal que mellore o establecido na resolución existente aplicarase a norma máis favorable para o traballador/a.

Agardamos, polo tanto, outra proposta de resolución da que vos informaremos no mesmo instante de se recibir polos órganos de representación.